

ASISTENTES:

Presidenta:

Sra. D^a. Milagros Otero Parga

Vicepresidente:

Sr. D. Pablo Cameselle Martínez

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Sra. D^a. Natalia Prieto Viso

Polo Consello Consultivo

Sra. D^a. Ana María López Guizán

Polo Consello de Contas

Sra. D^a. Isabel Torralba Mena

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Sra. D^a. Lucía González Louro

Secretaria:

Sra. D^a. María Puy Fraga

En Santiago de Compostela ás 12.20 horas do día 26 de outubro de 2016, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 21 de outubro do 2016, procédese a realizar a sesión ordinaria V da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na sesión procédese:

1º.- Saúda da presidenta

Iníciase a sesión cunha benvinda da presidenta aos membros.

No saúda, detense a expresar os avances no funcionamento da comisión e no feito de que estamos entrando na fase de cumprimento de prazos na remisión de resolucións das reclamacións unha vez que a estrutura de funcionamento e a resolución das dificultades atopadas para establecer os modelos de documentos o facer chegar a información e as propostas de resolución aos membros da

comisión vai tomando forma e nos permite centrarnos no contido das reclamacións cidadás. A presidenta da a benvinda á titular do Consello de Contas dona Isabel Torralba.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 28 de setembro de 2016

A secretaria procede á lectura da acta, que se aproba por asentimento.

3º.- Información sobre a xuntanza de comisionados de transparencia no Consejo de Transparencia y Buen Gobierno

A presidenta e o vicepresidente resumen o traballo realizado polos comisionados de transparencia en Madrid en tres puntos:

- As dificultades coas que se atopan as representacións das comisións que xestionan os expedientes de transparencia nas comunidades autónomas e o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no arranque do procedemento, para tratar de solventalas compartíndose experiencias e vías para a súa resolución.
- Tamén existen dificultades na instauración dun sistema de metodoloxía de avaliación da transparencia que sexa unitario para todo o territorio español.

- A posta en marcha da transparencia a custo cero, está dificultando tamén o inicio das tarefas encomendadas, polo que se propón difundir por parte dos comisionados conxuntamente esta situación, quedando Galicia encargada de preparar un borrador de traballo, que se fará chegar o goberno co fin de que se teña en conta esta realidade económica nos próximos orzamentos.

4º.- Resolución se procede dos expedientes tramitados

Como paso previo á posta en común dos expedientes cuxas propostas de resolución foron achegadas aos membros da comisión en tempo e forma, infórmase aos membros da comisión da sinatura do contrato menor para a creación da páxina web. Procédese, igualmente, a abordar o modo de desenvolver a metodoloxía de traballo dos membros da comisión e a acordar unhas correccións nos modelos sobre os que se traballan e que consisten en que:

- Coa adquisición do office365 xa é posible poñer en tempo real a disposición da Comisión os expedientes e as propostas de resolución. Isto é así pois dispoñemos dunha ferramenta que permite desenvolver un traballo colaborativo cunha mellora directa no tempo de coñecemento e resposta dos asuntos. De momento, todos os venres procederase a subir o traballo realizado cada semana. Cada membro xa dispón dunha clave de acceso dende a convocatoria desta sesión.
- Incorporouse unha funcionaria grupo C á Secretaría da comisión. A súa colaboración ten permitido adaptar unha área do programa de queixas, aos expedientes da comisión. O traballo ten sido arduo porque, a diferenza entre as reclamacións que xestiona esta comisión e as propias do Valedor do Pobo é que estas segundas se caracterizan por non estar suxeitos ao procedemento administrativo común. Pero, finalmente, está practicamente rematada a organización e seguimento dos expedientes para esta ferramenta de uso temporal. Este rexistro só pode ser temporal pois todo o control das notificacións hai que facelo manualmente, o que é operativo neste inicios nos que a día de hoxe contamos con 42 expedientes, pero medida que aumente o volume de documentación tornarase inviable, tendo en conta o número de persoas que integran a institución.
- A preguntas dos membros da comisión explicáselles que a ferramenta informática das queixas, pola súa antigüidade non permite o acceso dos seus datos a través de internet. En todo caso co office365 é posible para todos os membros dispor semanalmente de cantos datos sexan incorporados, e pouco a pouco irase subindo toda a documentación relevante, así como modelos de documentos, etc. Rematada esta fase seguirase traballando, xa exclusivamente, na creación do rexistro de reclamacións ante a comisión.
- A proposta da representante do Consello de Contas recoméndase que o modelo de proposta de resolución sexa modificado para que a conclusión non se recolla separada dos fundamentos xurídicos senón como o derradeiro punto destes. Esta corrección será feita en todos os expedientes que están hoxe na comisión.
- A proposta da representante da Xunta de Galicia se interesa que o modelo de proposta de resolución no parágrafo final de resolve. Para os casos nos que a resolución sexa

Juy

Juliana Otero

estimatoria se faga constar que se responda á petición de información solicitada respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, para maior seguridade xurídica na execución do expediente. Esta corrección será feita en todos os expedientes que están hoxe na comisión.

Apróbanse tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

EXPEDIENTE	ASUNTO/ESTADO
RSCTG 005/2016	Resolución estimatoria.
RSCTG 0012/2016	Resolución de arquivo en aplicación do desistimento do artigo 71 da Lei 30/1992
RSCTG 0013/2016	Resolución desestimatoria.
RSCTG 014/2016	Resolución de arquivo e orde de retroacción do expediente.
RSCTG 0015/2016	Resolución estimatoria.
RSCTG 017/2016	Resolución de arquivo con expresa advertencia de que o reiterado incumprimento dos prazos de contestación por parte do suxeito obrigado pola Lei da transparencia dá lugar a responsabilidades sancionadoras
RSCTG 018/2016	Modifícase a proposta no sentido de que os membros da comisión acordan engadir que a solicitude co número 11 solo deberá considerarse información pública se existe un acordo do pleno do concello en relación á celebración de sorteos con publicidade dos postos ambulantes.

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

5º.- Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase a celebración da seguinte reunión o 9 de novembro ás 12.00, debido a necesidade de tramitar máis expedientes.

6º.- Rogos e preguntas

A presidenta propón que na próxima sesión se estude unha modificación regulamentaria, centrada na posibilidade de acceso de expertos para o asesoramento á comisión, así como un sistema máis áxil para a emisión das propostas que quede recollido claramente no texto. Os membros, están de acordo en estudar as propostas da presidenta.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 14:00 da tarde levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

A presidenta


Milagros Otero Parga  Comisión da
transparencia
de Galicia

A secretaria


María Puy Fraga  Comisión da
transparencia
de Galicia